

Comité Intercentros Universidade de Vigo

## COMUNICADO DO COMITÉ INTERCENTROS SOBRE A INCORPORACIÓN DA OFOE A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

A noticia e posterior confirmación de que o persoal da OFOE vai a ser contratado a través dun ente chamado "Fundación Universidade de Vigo" obrigou ao Comité Intercentros a convocar unha reunión con carácter extraordinario para tratar exclusivamente este asunto. Tras a reflexión e debate o Pleno do CI acordou manifestar o seguinte:

- 1. O CI amosa a súa preocupación e abraio polo acontecido no proceso de selección de tres orientadores/as laborais iniciado en maio de 2003 e aínda sen concluír. O intento de facer unha selección de persoal deixando de lado os principios de igualdade, capacidade, mérito e publicidade non é digno dunha institución pública como a Universidade de Vigo. O Pleno do CI esixe que se lle dea resposta as demandas feitas pola súa representante no seo da Comisión e que se conclúa canto antes o proceso selectivo ao mesmo tempo que esixe que se asuman as responsabilidades que correspondan.
- 2. Dende que se coñeceu o cese do persoal que desempeñaba as súas funcións nesta oficina, en marzo de 2003, a representación do persoal laboral apostou pola súa continuidade ao entender que o número de efectivos era o idóneo para atender as demandas de orientación laboral dos tres campus (máis a oficina de Torrecedeira) existentes na Universidade de Vigo e, así mesmo, mostrou sempre a súa disposición a incluír as necesidade de persoal deste servicio na negociación da futura RPT tal e como se recolle nos programas electorais dos sindicatos que conformamos actualmente o CI.
- 3. A incorporación da OFOE a un ente chamado Fundación Universidade de Vigo parece máis un intento de escapar ao control sindical, e poder así seleccionar de acordo con principios subxectivos, que a outras razóns de carácter economicista ou de eficacia empresarial. A fundación que ten, segundo os seus estatutos, como fin principal a captación de fondos de empresas privadas, non parece o sitio idóneo para un servicio como a OFOE que está na súa totalidade financiado con fondos públicos a través da subvención que anualmente concede a Xunta de Galicia. É por iso polo que o Pleno do CI solicita que esta oficina siga dependendo da Universidade de Vigo e avisa que no caso de incorporala a FUVI esixira o seu dereito a seguir participando nos procesos de selección que se realizaren (que deben ser acordes cos

principios de selección que imperan na Institución) e que defendera os intereses sindicais e laborais dos traballadores e traballadoras que formen ou aspiren a formar parte desta fundación.

4. Por último denunciamos a falta de diálogo e de negociación por parte da empresa que unha vez máis aposta con descaro pola política de feitos consumados obrigándonos a coñecer a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación os planes que a Universidade ten reservados para un servicio que está conformado con persoal laboral e, lembrámolo de novo, ten un proceso selectivo aínda sen concluír.

Vigo, 19 de abril de 2004

O PLENO DO COMITÉ INTERCENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO